

- Facer lectura diaria dun conto e comentalo con alguén da casa.
 - Crear na libreta viaxeira, ou noutra, unha frase que comece por “Hoxe...” e que conte o que fixeches no día. A extensión dependerá da destreza que teña adquirida na grafomotricidade. Se a destreza é maior, que elaboren un diario ou que vaian imaxinando un conto ao longo dos días.
 - Facer un debuxo acompañando á frase, diario ou conto, anterior.
 - Escribir e repasar os días da semana.
 - Escribir e repasar os meses do ano.
-
- Facer conteo con Garavanzos, Lentellas ou Grans de arroz:
 - Agrupalos de dez en dez
 - Coller os que xunta a/o nena/o máis os que xunta quen estea con ela/el e ver cantos hai en total.
 - Facemos montóns e contamos cantos hai en total (tede en conta que cada nena/o ten un proceso madurativo distinto, intentade, se facedes correccións, que non se sintan mal por non coñecer algún número. A aprendizaxe ten que ser algo gustoso, non frustrante.)
 - Con números baixos facer restas, en situacións reais. “Se ti tes 5 garavanzos e me das 2, cantos te quedan?”
-
- Contar cousas que haxa na casa, cantando os números, por exemplo: libros, fotos, cadeiras, vasos, culleres... E apuntalo na libreta, non importa que o número non sexa o exacto. (Lembrede que buscamos que aprenda a contar e se divirtan, non facer un inventario da casa)
 - Buscar formas xeométricas no lugar que vos atopedes e debuxalas na libreta, co nome do obxecto e o nome da forma.
Exemplo: Debuxo e pinto a mesa do salón. Póñolle o nome: “mesa” “cadrada” debaixo do debuxo.
Buscamos: cadrados, rectángulos, círculos e triángulos, se recoñecen algunha forma máis que a poñan tamén.
-
- Realizar estiramientos polas mañás nomeando as partes do corpo que imos mobilizando: nocelo, xeonllos, cadeira, ombreiros, pulso, cóbado, pescozo, costas.
 - Debuxarse e apuntar o nome das distintas partes do corpo.
 - Facer unha árbore, ben sexa debuxada, recortada, con cartón, foam ou calquera material e poñerlle o nome ás distintas partes: raíces, tronco, froitos, pólas, follas.
 - Escribir na libreta ou nun folio, o día da semana que é e facer un debuxo do tempo que vai: sol, sol con nubes, néboa, chuvia, arco da vella ou vento.
Exemplo: luns, 16 de marzo de 2020
(Debuxo) sol con nubes

Deixámosvos tamén unha listaxe de iniciativas de Apps que están ofrecendo, de balde, os seus contidos Premium para axudar a que sigan xogando e aprendendo dende a casa.

Academons Primaria: a App de Homeschooling está ofrecendo 30 días de acceso a todo o seu catálogo de xogos de Matemáticas, Lingua Castelá, Inglés, Ciencias e Science http://bit.ly/Academons_Gratis

Ta-tum: do grupo editorial Edelvives, ofrece acceso de balde ata o mes de xullo a esta plataforma para o fomento da lectura http://bit.ly/Edelvives_Tatum

Smartick: esta App está ofrecendo acceso 15 días de balde, á súa App para repasar as matemáticas. http://bit.ly/Smartick_15

Genially: a plataforma para facer presentacións interactivas ofrece, por un tempo limitado, as súas plantillas e recursos Premium en aberto <http://bit.ly/Genially>

AMCO: Acceso aos xogos de Mates e Lingua Castelá da súa App Euzland de balde, por un tempo limitado <https://amconews.es/eduzland/>

Smile and Learn: esta App para as/os máis pequenas/os da casa, está ofrecendo acceso aberto durante un mes ao seu catálogo de xogos interactivos. http://bit.ly/smile_learn

Cerebriti Edu: ofrece os seus máis de 50.000 xogos de Primaria e Secundaria en aberto ata final do curso http://bit.ly/Cerebriti_Edu

Desexámosvos moitos ánimos para levar estes días, en nada estaremos no cole todxs novamente.

Unha aperta virtual xigante!